

NOTA DE PRENSA

Ribadumia segue recibindo a repercusión mediática da Gala do Fútbol Feminino

Ribadumia. 01/02/2017. O concello de Ribadumia informa que a valoración da Gala do Fútbol Feminino foi moi positiva, tal e como xa se trasladou no seu momento, por todo o acontecido no evento durante a tarde-noite do 30 de decembro de 2016. Non só polos galardóns entregados, senon pola ilusión vivida polas veciñas e veciños de Ribadumia que recolleron o seu recoñecemento por ser pioneiros no fútbol feminino nos anos 70 e 80.

Pero a isto temos que sumarlle hoxe a repercusión mediática que supuxo o evento para Ribadumia, e que leva a que o noso concello sexa coñecido e visibilizado a nivel internacional. Deste xeito, foron preto de medio centenar de medios os que se fixeron eco da gala de xeito previo e posterior a celebración da mesma, tendo en conta a prensa escrita, televisión, radio e medios dixitais.

Medios de comunicación xa non só comarcais, se non que a noticia da Gala do Fútbol Feminino en Ribadumia saíu publicada nas catro provincias galegas, a nivel nacional, dende León ata Valencia, pero non só aí, se non que a repercusión vaíse a nivel internacional a países como Portugal ou os EEUU que se fan eco desta gala e por suposto do Concello de Ribadumia.

Destacar así, que onte, 31 de xaneiro de 2017, un mes despois do evento, este segue acaparando páxinas en medios de comunicación. Deste xeito, nos encontramos onte coa publicación da noticia en www.womenssoccerunited.com, a cal é un referente mundial no fútbol feminino. E na que se destaca que *"¡O acontecemento converteuse nunha noite histórica debido o número de asistentes, 300 persoas! Xa que nunca en España un acontecemento social exclusivo do fútbol feminino reuniu a 300 persoas."*

Saúdos.

Departamento de Comunicación do Concello de Ribadumia.